ESTADO ACTUAL

CONTEXTUALIZACIÓN E ESTADO ACTUAL

Tras 150 anos de continua expansión do porto interior da Coruña, a construción do porto exterior abre unha etapa radicalmente diferente, onde o debate xira en torno á desafectación e a recuperación das relacións porto-cidade e persoa-auga.

Tras 150 años de continua expansión del puerto interior de A Coruña, la construcción del puerto exterior abre una etapa radicalmente diferente, donde el debate gira en torno a la desafectación y la recuperación de las relaciones puerto-ciudad y persona-agua.

PORSUPORTO | 1



LIÑAS ESTRATEXICAS [GL]

A complexidade da intervención, debido ás súas magnitudes espacial e temporal, á súa transcendencia e á cantidade de variables e axentes implicados, lévannos a propoñer un proxecto aberto con vontade de ferramenta de traballo para o longo proceso de participación e deseño que deberá ter lugar de aquí en adiante. Neste sentido, non cabe destacar tanto as formalizacións concretas que se recollen (froito sempre do contexto actual), como unha serie de principios que subxacen na proposta e que, entendemos, deberían ser capaces de artellar e fundamentar as tomas de decisións futuras. Estas premisas ou liñas estratéxicas son as seguintes:

1. Titularidade pública dos terreos.
Con independencia de que teñan cabida todo tipo de actividades e iniciativas privadas a través de diferentes fórmulas de acceso, uso e xestión, a totalidade da área a transformar deberá seguir sendo un chan de titularidade pública.

2. Máximo mantemento das actividades portuarias.
O mantemento da máxima actividade portuaria posible é irrenunciable por racionalidade urbanística e funcional en termos de metabolismo urbano, pola súa relación coa memoria, a identidade e a diversidade social da Coruña e pola súa condición de motor económico dende as actividades produtivas tanxibles.

3. Introdución progresiva das actividades públicas nos terreos portuarios.
Fomentarase a vida urbana do porto mediante diferentes fórmulas de convivencia e contigüidade entre usos cidadáns e portuarios. Así mesmo, procurarase o tecido do ámbito portuario coa cidade dende unha dobre perspectiva: transversal (escala barrio) e lonxitudinal (escala metropolitana).

4. Funcionalidade ambiental do ámbito.
O aspecto ambiental é básico en calquera operación de transformación do territorio desta escala. Na proposta aplícase a través de catro perspectivas principais: o peche de ciclos, a infraestrutura verde, a cuestión enerxética e mais a mobilidade multimodal e sustentable.

5. Temporización das accións
A transformación do porto é un proceso longo e difuso, cheo de alternativas dependentes de decisións progresivas e mesmo contraditorias nun marco temporal exposto ás vontades de varias administracións, así como do ámbito político. Esta condición reflectirase na asunción dunha estratexia de curto, medio e longo prazo que poida traballar cunha incerteza crecente.

ESTRUTURA TEMPORAL

FASE 1 : 2020

TRANSFORMACIÓNS INMEDIATAS, DE BAIXO CUSTO E PROVISIONAIS

FASE 2 : 2030

APERTURA AOS USOS PÚBLICOS E AS NOVAS FORMAS DE MOBILIADE

FASE 3 : 2050

O FUTURO INCERTO, PERO PÚBLICO E CON ACTIVIDADE PORTUARIA

CONTEXTO

Xerme do asentamento orixinal que derivou na cidade da Coruña, o porto medrou a base de terreo gañado ao mar ata acadar a súa configuración actual, ocupando unha posición central tanto na trama urbana como no ámbito da ría. Presenta un bordo continuo respecto á cidade, mais que, só nos últimos anos, se converteu nunha barreira infranqueable que encerra a actividade portuaria e afasta o mar.

Germen del asentamiento original que derivó en la ciudad de A Coruña, el puerto creció a base de terreno ganado al mar hasta conseguir su configuración actual, ocupando una posición central tanto en la trama urbana como en el ámbito de la ría. Presenta un borde continuo respeto a la ciudad, pero que, solo en los últimos años, se ha convertido en una barrera infranqueable que encierra la actividad portuaria y aleja el mar.

LINEAS ESTRATEGICAS [ES]

La complejidad de la intervención, debido a sus magnitudes espacial y temporal, su trascendencia y la cantidad de variables y agentes implicados, nos llevan a proponer un proyecto abierto con voluntad de herramienta de trabajo para el largo proceso de participación y diseño que deberá tener lugar de aquí en adelante. En este sentido, no cabe destacar tanto las formalizaciones concretas que se recogen (fruto siempre del contexto actual), como una serie de principios que subyacen en la propuesta y que, entendemos, deberían ser capaces de articular y fundamentar las tomas de decisiones futuras. Estas premisas o líneas estratégicas son las siguientes:

1. Titularidad pública de los terrenos.
Con independencia de que tengan cabida todo tipo de actividades e iniciativas privadas a través de diferentes fórmulas de acceso, uso y gestión, la totalidad del área a transformar deberá seguir siendo un suelo de titularidad pública.

2. Máximo mantenimiento de las actividades portuarias.
El mantenimiento de la máxima actividad portuaria posible es irrenunciable por racionalidad urbanística y funcional en términos de metabolismo urbano, por su relación con la memoria, la identidad y la diversidad social de A Coruña y por su condición de motor económico desde las actividades productivas tangibles.

3. Introducción progresiva de las actividades públicas nos terrenos portuarios.
Se fomentará la vida urbana del puerto mediante diferentes fórmulas de convivencia y contigüidad entre usos ciudadanos y portuarios. Asimismo, se procurará el tejido del ámbito portuario con la ciudad desde una doble perspectiva: transversal (escala barrio) y longitudinal (escala metropolitana).

4. Funcionalidad ambiental del ámbito.
El aspecto ambiental es básico en cualquier operación de transformación del territorio de esta escala. En la propuesta se aplica a través de cuatro perspectivas principales: el cierre de ciclos, la infraestructura verde, la cuestión energética y la movilidad multimodal y sostenible.

5. Temporización de las acciones
A transformación del puerto es un proceso largo y difuso, lleno de alternativas dependientes de decisiones progresivas y mismo contradictorias en un marco temporal expuesto a las voluntades de varias administraciones, así como del ámbito político. Esta condición se reflejará en la asunción de una estrategia de corto, medio y largo plazo que pueda trabajar con una incertidumbre creciente.